

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D^a. María Ramallo Vázquez

PERSOAL

Expt: 2020-RH345-022

Asunto: ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DESTINADAS Á REDUCCIÓN DA ACTIVIDADE PRESENCIAL NO CONCELLO DE MARÍN.

O avance dos contaxios por COVID-19 e o incremento progresivo das medidas de prevención e contención adoptadas polas autoridades sanitarias, entre as que se atopa a promoción do traballo non presencial, fai recomendable diseñar os mecanismos que permitan manter o funcionamento do Concello, á vez que se adoptan as medidas adecuadas para a protección dos seus traballadores e a minimización do risco de contaxios, tanto no ámbito laboral como na sociedade en xeral.

As autoridades sanitarias instaron á adopción inmediata de medidas de distanciamento no ámbito educativo e laboral e a redución máxima da mobilidade.

Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020 adoptáronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias.

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e ante a declaración do estado de alarma polo goberno da nación.

Onte sábado, o Goberno de España aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Neste marco, e tendo en conta a progresión dos contaxios, nun escenario no que as autoridades sanitarias apelan á responsabilidade social de todos os cidadáns para contribuír á ralentización da propagación da enfermidade, faise preciso adoptar medidas adicionais para contribuír á contención, garantindo sempre o mantemento da prestación dos servizos esenciais do Concello de Marín.

Por iso, e considerando as actuais recomendacións das autoridades sanitarias e o contido en Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; e no exercicio das atribucións legais conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Crear unha Comité de Seguimento da evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias, formada polas seguintes persoas: a Alcaldesa, un ou varios concelleiros/as, o xefe da Policía Local, os/as xefes/as dos servizos municipais, no seu caso, outros membros do goberno.

As reunións de dito Comité celebraranse preferentemente a través de medios telemáticos, telefónicos ou videoconferencia.

A Alcaldesa, como Presidenta do Comité, poderá convocar as reunións do mesmo a responsables técnicos municipais e a expertos cualificados na materia, así como contar co seu asesoramento experto, en función das necesidades existentes en cada momento.

Este Comité fará un continuo seguimento da evolución da situación e propondrá medidas novas ou complementarias das xa adoptadas, ao tempo que coordinará as novas actuacións que sexan precisas, garantindo unidade de acción, de conformidade coas recomendacións realizadas polas autoridades sanitarias.

Segundo.- Decretar, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto seguinte deste acordo.

Terceiro. Declarar como servizos públicos mínimos de carácter esenciais os seguintes: 1) Seguridade e emerxencias 2) Servizos sociais 3) Información e asistencia en materia de rexistros 4) Servizo municipal de novas tecnoloxías 5) Brigada municipal de obras e servizos 6) Brigada municipal de medio ambiente 7) Cemiterio municipal 8) Servizo de limpeza municipal.

A atención nestes servizos esenciais serán unicamente telefónica e telemática.

A atención presencial motivada unicamente en razón debidamente xustificadas de extraordinaria urxencia precisará cita previa.

Os teléfonos e correos electrónicos de contacto aos que poderá dirixirse a cidadanía publicaranse na web municipal (www.concellodemarin.gal).

Cuarto.- Lembrar a toda a cidadanía a posibilidade de tramitación telemática os procedementos municipais a través da sede electrónica (<https://sede.concellodemarin.es>).

Quinto.- Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos a administración facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia.

Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial. Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan porque así o determinen as xefaturas de cada servizo, a Alcaldía ou o/a concelleiro/a responsable.

Naqueles casos en que as funcións de carácter esencial deban desempeñarse presencialmente, estableceranse as quendas necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxio laboral, arbitrando medidas organizativas para a protección da súa saúde, como pode ser a reordenación de espazos.

Os/as empregados/as municipais que acudan a prestar estes servizos deberán realizalo en días alternos, polo que se organizarán quendas.

Todo o persoal que deba acudir aos seus postos de traballo de forma presencial, deberá extremar as medidas de seguridade, gardando a distancia mínima recomendada, e extremando a limpeza do seu posto de traballo e a hixiene persoal.

Sexto.- De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 463/2020, de declaración do estado de alarma, o persoal do corpo de Policía Local queda baixo as ordes directa do Ministro do Interior os efectos do referido Real decreto.

Sétimo.- Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Servizo, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.

Oitavo.- Queda suspendido con carácter indefinido o traballo presencial dos seguintes colectivos, sen prexuízo da obrigatoriedade do traballo remoto:

- Mulleres embarazadas ou en período de lactación así como os empregados/as públicos/as do Concello que convivan con elas
- Persoas declaradas de risco por las autoridades sanitarias (diabetes, insuficiencias respiratorias, enfermidades cardíacas, persoas inmunodeprimidas) empregados/as públicos/as do Concello que convivan con elas
- Persoas que convivan con persoas maiores ou con enfermidades crónicas.

Noveno.- Todos os empregados públicos municipais deberán permanecer localizables dentro da súa xornada laboral ordinaria e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo presenciais si así se lles require por necesidades excepcionais do servizo.

Décimo - Comunicaranse ao servizo de Persoal os datos das persoas que se acollan aos permisos laborais e ao teletraballo, a través da sede electrónica municipal ou da dirección de correo electrónico: personal2@concellodemarin.es.

Décimo primeiro.- Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas, etc) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar por razóns xustificadas de carácter excepcional e urxente.

Décimo segundo.- Quedan prohibidas as celebracións de calquera tipo de concentracións ou reunión de persoal, a excepción das derivadas da xestión institucional do COVID- 19.

O exercicio dos dereitos sindicais deberá articularse exclusivamente a través dos medios telemáticos ou videoconferencia.

Décimo terceiro.- Suspendense os términos e interrompense os prazos para a tramitación dos procedementos. O cómputo dos prazos reanudanse no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Décimo cuarto.- As medidas de carácter extraordinario establecidas na presente resolución terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motiva a súa adopción, e poderán ser revogadas por necesidades excepcionais do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

Décimo quinto.- Dar publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE